



## INTRODUCCIÓN.

### 1.1. Marco legal

Esta programación baséase sobre a seguinte lexislación vixente:

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

- Resolución do 16 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/2024.

## **1.2. Contexto educativo**

A Escola Oficial de Idiomas de Ourense é un centro público dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dedicado á ensinanza de idiomas para adultos.

A súa sede central atópase na capital da provincia, a terceira cidade galega con case 106.000 habitantes (un terzo da poboación da provincia, na que viven preto de 315.000 persoas) e está situada na área urbana da cidade, nunha zona que agrupa unha grande cantidade de instalacións educativas, entre elas o campus universitario, preto do centro da cidade.

Para satisfacer as necesidades de todo o territorio da provincia, a escola conta tamén con 6 seccións delegadas asentadas en centros de Educación Secundaria de diferentes poboacións: A Ponte-Ourense (IES Blanco Amor)

- Celanova (IES Celso Emilio Ferreiro)
- O Barco de Valdeorras (IES Lauro Olmo)
- O Carballiño (IES Chamoso Lamas)
- Ribadavia (IES Abrente)
- Verín (IES García Barbón)

O centro ten un amplo horario de apertura, de 08.00 a 22.00 en períodos lectivos e de 09.00 a 14.00 en períodos non lectivos.

Nesta escola impártense ensinanzas de Alemán, Chinés, Español como Lingua Estranxeira, Francés, Galego, Inglés, Italiano e Portugués, nas modalidades de oficial e semipresencial (esta última só no idioma Inglés, a través do programa a distancia *That's English!*) de todos os niveis, dende A1 a C2, dependendo de cada idioma. No caso concreto do Español, os niveis impartidos son A2, B1, B2 e C1.

Así mesmo, a nosa Escola colabora con outras entidades, coma o Centro de Formación e Recursos do profesorado, impartindo cursos para o profesorado, e coa Dirección Xeral de Política Lingüística, con cursos de Linguaxe Administrativa Galega e de preparación ás probas oficiais Celga.

Tamén se ofrece a posibilidade de examinarse pola modalidade libre e de realizar probas de clasificación para acceder a un determinado nivel dun idioma sen certificación previa. O departamento de Español coma Lingua Estranxeira conta con tres docentes: Dona Nancy Casielles, Dona Lara dos Santos Villaverde, coordinadora de Elaboración de Pruebas de Certificación e Actividades Culturais e Dona Vania Rodríguez García, quen exerce a xefatura do departamento. As clases impartiranse na súa totalidade en lingua española independentemente do nivel.